

O BARROCO: CONTRASTE E EXTREMISMOS

As pequenas cortes renacentistas evolucionan cara a grandes e esplendorosas monarquías. Iso trae consigo un cambio na concepción da arte. Os novos reis, poderosos e endiosados, precisan dunha música que irradie forza, movemento e grandiosidade.

As grandes monarquías europeas rodéanse de luxo, pompa e grandiosidade, mentres o seu pobo, cada vez máis empobrecido, padece fame e epidemias.

A arte é empregada polos poderosos como símbolo de poder e instrumento de propaganda.

É unha arte cargada de ornamentos, todo movemento e contraste.



A MÚSICA:

A MÚSICA Barroca é moi vistosa, chea de movemento, efectos dinámicos, adornos e moitos contrastes.

Os músicos aportan grandeza ás cortes europeas e todo monarca se rodea dos mellores compositores como signo de poder.

En España hai escaseza de compositores pero os reis contratan a prestixiosos compositores e intérpretes italianos coma Scarlatti ou Farinelli.


A idea de Deus neste período é a dun deus poderoso ao que hai que venerar coma un rei. A



música relixiosa vólvese tan grandiosa, ornamentada e expresiva coma a música civil.

Os intérpretes especialízanse ata alcanzar o **virtuosismo**. É precisa unha habilidade técnica excepcional cos instrumentos ou coa voz para ser quen de interpretar á perfección as pezas máis vistosas e espectaculares. O público apreciava e idolatraba a eses músicos prodixiosos e desenvolvían incluso competicións nas que o gañador amosaba a súa capacidade de interpretar as pezas máis difíciles posibles.

FORMAS MUSICAIS DO BARROCO:



MÚSICA VOCAL:

Unha nova textura: A melodía acompañada:

O contrapunto renacentista acada un grao de desenvolvemento espectacular, constrúense pezas para 4, 5 e máis voces cunha gran sofisticación. Sen embargo, ese grao de complicación tiña como consecuencia a difícil comprensión dos textos.

Os compositores do Barroco, preocupáanse de devolverlle a comprensión ao texto desenvolvendo un novo tipo de textura: **a melodía acompañada** na cal unha única **líñamelódica protagonista** é acompañada por **acordes** interpretados polo baixo continuo.

O **baixo continuo** era un acompañamento típico do Barroco, executado por:

- **un instrumento harmónico** como os instrumentos de teclado, a arpa ou o laúde.
- **Un ou varios instrumentos de rexistro grave** como o violonchelo ou a viola da gamba.



Un novo espectáculo civil: A ÓPERA

Unha ópera é unha obra teatral con música na que os personaxes cantan en lugar de falar, de xeito que os cantantes interpretan aos personaxes protagonistas da acción, vístense e actúan nun escenario provisto da decoración e o *atrezzo* necesarios para dar verosimilitude ao argumento.

A súa orixe está na *Camerata Fiorentina*, un grupo de músicos de Florencia, que estaban interesados en crear unha nova forma musical que recrease o **antigo teatro grecolatino**.

Entre estes músicos florentinos atopábase Claudio Monteverdi, autor da primeira ópera da historia da música, **Orfeo**, estreada en 1607.



As óperas barrocas teñen sempre **tema mitolóxico ou histórico** e narran grandes fazañas de personaxes grandiosos, poderosos e apaixonados, moi ao gusto do público aristocrático que acudía aos teatros, amante do luxo e do poder.

PARTES FUNDAMENTAIS DUNHA ÓPERA:

- **Obertura:** Parte inicial, instrumental, para facer o silencio entre público e situar a acción.
- **Recitativo:** Partes dialogadas, os personaxes falan cantando acompañados só do baixo continuo.
- **Aria:** O/a protagonista canta nun *solo*. Son as partes máis dramáticas e apreciadas polo público, onde o cantante exhibe as súas habilidades vocais e expresivas. As voces máis parezadas, especialmente en Italia son as dos *castrati*, homes que tras ser sometidos a unha castración antes da puberdade, conservan a voz aguda coa capacidade torácica e a potencia vocal dun adulto.
- **Coros:** Cando interveñen grupos de pastores, ninfas, soldados, escravos...
- **Danzas:** Escenas de danza para amenizar e entreter. Fan o espectáculo máis variado e vistoso.



O caso de Francia: A COMEDIA BALLET

Alleos á moda italiana da ópera, os músicos da corte francesa preferían cultivar un xénero de gran éxito: a comedia-ballet.

Tratábase de pezas teatrais de tema cómico que ían acompañadas de coreografías e danzas. O máis importante compositor de pezas deste xénero foi **JeanBaptisteLully**, quen puxo música a máis de 10 comedias de Molière como *O enfermo imaxinario*, *O matrimonio forzado* ou *Os amantes magníficos*.

Un novo espectáculo relixioso: O ORATORIO

A música relixiosa do Barroco busca expresar tanta espectacularidade e grandeza coma a música civil. A forma musical de meirande éxito será o **oratorio**.

Os oratorios presentan idéntica estrutura que as óperas con tan só **dúas diferenzas** significativas:

1. **Tema relixioso:** relatos bíblicos coma a paixón de Cristo ou as vidas de Esther, Sansón, Salomón, Josué...
2. Por respecto ao seu carácter sagrado:
 - Non se escenifica
 - Non inclúe danzas



Aqueles oratorios que relataban a vida e paixón de Xesús denominábanse **paixóns**.

Os máis significativos compositores de oratorios foron : J. S. Bach (*A paixón segundo San Xoan*, *A paixón segundo San Mateo*) e G. F. Händel (*O Mesías*, *Sansón*, *Israel en Exipto...*)

Outros xéneros de música vocal: A CANTATA

Peza musical escrita para unhaoumais voces solistas con acompañamento instrumental e, en ocasións, cun coro. Contiña varias seccións en contraste, como os recitativos e as arias.

Segundo o contido do seu texto podía ser:

- **Cantata relixiosa:** Creadas para ritos relixiosos, tanto católicos como protestantes. O gran mestre da cantata relixiosa foi **Johann Sebastian Bach**.
- **Cantata profana:** De tema profano, xeralmente mitolóxico, de alto contido dramático, algunhas escritas para voz e baixo continuo, outras para voz, baixo continuo e orquestra. Grandes compositores de cantatas profanas foron **Alessandro Scarlatti**, **Barbara Strozzi** e **Georg Frederick Händel**.

MÚSICA INSTRUMENTAL:



A música instrumental adquire no Barroco tanta importancia coma a música vocal. Xorden nesta época novas formas compositivas escritas para explotar as posibilidades técnicas e tímbricas dos instrumentos.

Aos compositores xa non lles da igual que instrumento interprete as súas pezas polo que indican con detalle nas súas partituras que instrumento ou instrumentos deben interpretala.

O VIRTUOSISMO

O público do Barroco adora as interpretacións brillantes e excepcionais, os solos de gran complexidade e as interpretacións a gran velocidade. O intérprete profesionalízase e especialízase no dominio técnico dun instrumento e gusta de exhibir o seu dominio do instrumento.

Os grandes compositores escriben pezas pensadas exclusivamente para esas exhibicións de virtuosismo como as partitas, as tocatas, as fugas, as sonatas ou os concertos.

A ORQUESTRA


Aparece xa coma un conxunto estruturado e organizado por familias. A orquestra barroca é pequena comparada coas actuais pero inclúe xa as seccións de corda, vento-madeira, vento-metal e percusión.

Así mesmo, os instrumentos perfeccionáanse, sendo o violín e os instrumentos de tecla (clave e órgano) os preferidos como solistas. (O clave tamén como base do baixo continuo).



Non había un director propiamente dito pero o intérprete do clave situábase no centro e daba as entradas e as indicacións de movemento necesarias.

FORMAS MUSICAIS INSTRUMENTAIS



O CONCERTO:

Peza musical para orquestra que consta de varios movementos en contraste, normalmente 3 (Allegro-Adagio-Allegro) nos que se opón ou dialoga musicalmente un instrumento solista ou pequeno grupo (*solo*) coa orquestra enteira (*tutti*).

Son moi vistosos e expresivos e permiten ao compositor xogar con múltiples contrastes (de carácter, de textura, de dinámica, etc).

Os máis destacados compositores de concertos foron: Antonio Vivaldi, J. S. Bach, G. F. Händel.

A SUITE:

Peza musical en varios movementos, escribíase tanto para orquestra como para instrumentos sós. Cada un deses movementos é unha danza. Procurando sempre o contraste entre danzas rápidas e lentas.

As suites máis famosas do Barroco son obra de Händel (*Música Acuática, Música para os reais fogos de artificio*) e J. S. Bach (*Suites francesas, Suites Inglesas, Suites para orquestra*).

COMO RECOÑECER A MÚSICA BARROCA

1. A característica máis inequívoca da música deste período é a busca permanente de CONTRASTES, que poden ser:
 - De movemento: contrastando un movemento rápido cun movemento lento.
 - De matices: contrastando **piano** e **forte**.
 - De carácter: alegre/triste, enérxico/calmado, sensual/espiritual
 - De ritmo: compás binario/compás ternario, figuras longas/figuras curtas
 - De timbre: corda/vento, violín/óboe, vento madeira/vento metal.
 - De planos sonoros: **solo/tutti**
2. O ritmo é mecánico, cunha pulsación regular e unha acentuación ordenada.
3. As melodías son longas e fluídas. Moi adornadas.
4. Xorde unha nova textura, a melodía acompañada, que convive coa textura homofónica e contrapuntística.
5. Nace a orquestra, fíxanse as familias de instrumentos e búscase o contraste entre eles.
6. Aparecen novas formas musicais vocais (ópera, oratorio e cantata) e instrumentais (concerto, suite, sonata...)
7. Carácter dinámico, espectacular e dramático.

GRANDES COMPOSITORES E COMpositoras DO BARROCO:

A inmensa maioría de compositores da época barroca traballaban ao servizo de mecenas pertencentes á alta aristocracia ou ao alto clero: reis, príncipes, cardenais, arcebispos ou institucións relixiosas como catedrais ou conventos importantes. Completaban os seus ingresos coa edición e venta das súas obras impresas. En todos os casos eran á súa vez intérpretes que tocaban e dirixían as súas propias obras, compostas en xeral para as funcións solicitadas polo seu patrón: liturxia relixiosa, música de cámara para amenizar festas cortesás, música para cerimonias, etc.

Coma noutros campos da vida intelectual e cultural, as mulleres tiveron difícil dedicarse á composición musical como actividade laboral.

Deste xeito, a actividade musical para as mulleres nesta época podía desenvolverse como:

- **Unha actividade de lecer:** só accesible para damas da corte antes do seu matrimonio e excepcionalmente tras este cando seu rango sobrepasaba o de seu esposo. Exemplo: **FRIEDERIKE SOPHIE WILHELMINE**, filla do rei Federico Guillermo I de Prusia.
- **Unha función dentro da vida relixiosa:** monxas músicas que compoñían obras destinadas ás celebracións relixiosas da súa comunidade. Exemplo: **ISABELLA**

LEONARDA (1620 - 1704) Filla dos condes Leonardi de Novara, aos 16 anos ingresa no convento das Virxes de Santa Úrsula. Alí traballa como profesora de música e posteriormente como nai superiora. Consérvanse case 200 obras que inclúen todos os xéneros relixiosos da época.

- O difícil camiño da **música profesional**, que facía que a maioría optase por casar cun músico e traballar conxuntamente. Tamén dábase a práctica de obter un matrimonio pactado a través dun mecenas. Deste modo unha muller con extraordinarias cualidades musicais lograba un contrato que incluía un marido (normalmente un músico a seu servizo) que acataba a condición profesional da súa esposa. Exemplo: **BARBARA STROZZI** (1619 – 1677), autora de un gran número de madrigais, cantatas e arias que ela mesma interpretaba.

Claudio Monteverdi (NOEL)

Antonio Vivaldi (NOELIA)

Georg Friederich Händel (PABLO)

Johann Sebastian Bach (PAULA)

Jean Philippe Rameau (ANA)

Francesca Caccini (ANDREA)

Jean Baptiste Lully (JAVIER)

Arcangelo Corelli (ALEJANDRO)

Johann Pachelbel (MIGUEL)

Carlo Broschi “Farinelli” (CELIA)

Doménico Scarlatti (DIEGO)

Henry Purcell (NEREA)